



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Persoal

Anuncio publicación bases específicas para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de condutor/a alcaldía.

Por Resolución do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 14 de novembro de 2022, resolveuse autorizar a convocatoria e á aprobación das seguintes bases específicas:

BASES ESPECÍFICAS PARA A PROVISIÓN POR LIBRE DESIGNACIÓN DO POSTO DE CONDUTOR/A ALCALDIA, REFERENCIA 2183.

PRIMEIRA.- Obxecto

Constitúe obxecto da presente convocatoria a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de condutor/a alcaldía, posto con referencia 2183. Este posto está reservado a personal funcionario de carreira do subgrupo C2, de Escala de Administración Especial, e como requisito específico o estar en posesión do carné C, e de conformidade co contido e características recollidos na vixente relación de postos de traballo:

- Corporación: Concello da Coruña
- Denominación do posto que se convoca:
 - Condutor/a alcaldía (MU3000), referencia do posto: 2183

O posto citado atópase recollido na Relación de Postos de Traballo deste Concello (Boletín Oficial da Provincia da Coruña, 19/08/2020).

As características do citado posto son as seguintes:

- a) O complemento de destino asignado ao devandito posto é o correspondente a nivel 14.
- b) O sistema de provisión é o de libre designación.
- c) O complemento específico anual fixado para este posto é de 13.869,66 €.

SEGUNDA.- Participantes

Poderán concorrer á convocatoria o persoal funcionario de carreira do Concello da Coruña do subgrupo C2 de clasificación, de escalas de Administración Especial, de acordo co establecido no art. 101 da Lei 7/1985, reguladora de bases do Réxime Local e o disposto na Relación de Postos de Traballo do Excmo. Concello da Coruña. Os requisitos esixidos na presente convocatoria deberán cumprirse con referencia á data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

TERCEIRA.- Solicitudes

As solicitudes de participación presentaranse no modelo establecido, preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello (<https://sede.coruna.gob.es>). Poderán presentarse tamen en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación será de 15 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no boletín Oficial do Estado (BOE).

Xunto coa solicitude as persoas interesadas deberán presentar a seguinte documentación:

- Copia do DNI ou documento equivalente que acredite a súa identidade.
- Carné C.
- Curriculum vitae no que conste o traballo desenvolvido, titulación académica, cursos realizados e outros méritos que se considere oportuno poñer de manifesto, xunto coa documentación acreditativa destes.

Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes.

En ningún caso se valorarán méritos non alegados na solicitude ou non acreditados documentalmente en prazo.

CUARTA.- Vinculación da solicitude

Unha vez transcorrido o prazo de presentación de instancias, a solicitude formulada será vinculante para o solicitante e o destino adxudicado será irrenunciable. Con todo, os interesados poderán desistir da súa solicitude, así como renunciar ao destino adxudicado, se con posterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes e con anterioridade á toma de posesión obtivesen outro destino mediante convocatoria pública ou cando concorran circunstancias persoais de especial gravidade, así consideradas polo órgano convocante.

QUINTA.- Resolución

A convocatoria será resolta polo Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior, que por acordo da Xunta de Goberno Local do 28 de xuño de 2019 (BOP núm. 124 do 03/07/2019) ten delegación xenérica en materia de xestión de persoal, no prazo dun mes desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. Este prazo poderá prorrogarse por un mes máis.

A resolución de nomeamento motivarase con referencia ao cumprimento por parte da persoa elixida dos requisitos e especificacións esixidos na convocatoria e a idoneidade daquela para o desempeño do posto convocado.

Este nomeamento requirirá o informe previo da persoa titular do servizo, centro ou unidade ao que figure adscrito o posto convocado e un informe proposta do Servizo de Recursos Humanos.

A resolución desta convocatoria publicarase no BOP e, se se considera oportuno, o posto de traballo convocado poderase declarar deserto.

O prazo para tomar posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia do persoal funcionario, ou dun mes se comporta cambio de residencia ou o reingreso ao servizo activo. Este prazo comezará a contarse desde o día seguinte ao do cesamento no anterior posto, que deberá efectuarse dentro dos 3 días hábiles seguintes ao da publicación da resolución do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia. Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo o prazo de toma de posesión deberá computarse desde a devandita publicación do nomeamento.

O persoal que non tome posesión do posto adxudicado dentro do prazo indicado, salvo causas de forza maior ou outras circunstancias graves debidamente xustificadas, será declarado decaído nos dereitos que lle puidesen corresponder.

SEXTA.- Publicación

Esta convocatoria e a súa resolución publicarase nos Boletíns Oficiais correspondentes, podendo ser declarada deserta se ningún dos candidatos alcanzase o nivel suficiente para o posto, a xuízo do órgano competente.

SÉTIMA.- Réxime de impugnación

De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra as presentes bases poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que as ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da súa publicación. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, 15 de novembro de 2022.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, RD. (03/07/2019)

O Director de Economía, Facenda e Réxime Interior

Manuel Ángel Jove Losada

2022/7154